



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 25 DE XANEIRO DE 2021

N.º 019

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

DECRETO N.º 92/2021 DO 11/01/2021

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o dous de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o seguinte acordo 6/6 PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSONAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OEP 2016)

Visto que polo Decreto número 19000862 do 07/02/2019 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de ARQUITECTO/A, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2016) que se rexeu polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 6/6 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

O mencionado Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. nº 090, de 20 de abril de 2019, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 106 de 6 de xuño de 2019. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 304 do 19 de decembro de 2019.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 17 de novembro de 2020, ACORDA:

PRIMEIRO.- Propoñer o acceso en propiedade ás dúas prazas de ARQUITECTOS pertencente ao cadro de persoal funcionario a:

- **Dona Pilar Salvador Potente, con DNI nº *988M**
- **Dona Susana Penedo Souto, con DNI nº *939H**

SEGUNDO.- Elevar a citada proposta á Tenente de Alcaldesa delegada da área de Gobernanza, como autoridade convocante.

TERCEIRO.- Facer pública a presente Resolución a través do Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e da páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante da proposta.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos RESOLVE:

PRIMEIRO.- Facer pública a relación das aspirantes aprobadas no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integralmente no BOP de Lugo número 099, do 2.5.2017.

2 PRAZAS DE ARQUITECTOS/AS:

- **Dona Pilar Salvador Potente, con DNI nº *988M**
- **Dona Susana Penedo Souto, con DNI nº *939H**

SEGUNDO.- As opositoras aprobadas, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final séxta), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incursa en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de xaneiro de 2021.

R. 0131

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuinte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xaneiro e ata o 22 de marzo do ano 2021, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2020.

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de febreiro de 2021.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla N°197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de conxinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o dia 20 de abril de 2021, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de conxinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de conxinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria Lugo, 8 de xaneiro de 2021.- A tenenta de alcaldesa da área de gobernanza: economía e recursos humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0132

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 24/11/2020 de modificación da ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A taxa esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:

A) Por entronque na rede municipal de augas:

- a) Con carácter xeral pola concesión de licencia de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.
- b) Ademais por cada vivenda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros.

As indicadas tarifas non inclúen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por subministro:

- Establécense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m3. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m3. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3. ó bimestre)	Cota mínima (euros ó bimestre)	Exceso de consumo (euros por m3.)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3. ao bimestre.	11,832316	0,593294
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares			
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	30 m3. ao bimestre	21,888696	0,731752
c) Obras de construcción ou reparación de edificios	12 m3. ao bimestre	8,757371	0,731752
d) Obras de construcción ou reparación de vivendas unifamiliares	100 m3. ao bimestre	213,748828	2,134887
	50 m3. ao bimestre	33,753566	0,716348

b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de 0,731752 euros/m3.

c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos

depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de 0,573607 euros/m³ para o mínimo, e 0,593294 para os excesos.

d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servicio Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicárselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m³ para as vivendas domésticas de 22 m³ para o uso industrial e 112 m³ para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.

3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboadío no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custos serrados na reclamación da débeda".

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0133

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA FISCAL T17 TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 24/11/2020 de modificación da ORDENANZA FISCAL T17 TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«ORDENANZA FISCAL T17 TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 5º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha cantidade fixa, por unidade de local, en razón a súa natureza e destino, das seguintes:

a) Taxa mensual por recollida de lixo de vivendas na zona rural	3,88 Euros.
b) Idem. id. de vivendas particulares	7,59 Euros.
c) Idem. id. de áreas comerciais	392,33 Euros.
d) Idem. id. de supermercados	32,21 Euros.
e) Idem. id. de entidades bancarias e financeiras	23,48 Euros.
f) Idem. id. de ultramarinos, froterías e establecementos de alimentación análogos	26,29 Euros.
g) Idem. id. de tecidos, paqueterías e establecementos análogos	27,47 Euros.
h) Idem. id. de pub e discotecas	53,67 Euros.
i) Idem. id. de cafés, bares, cafeterías	27,47 Euros.
j) Idem. id. de restaurantes, mesóns e establecementos análogos	33,64 Euros.
k) Idem. id. de Resto de comercios, oficinas, despachos profesionais	22,05 Euros.
l) Idem. id. de Comercios de máis dunha planta	34,44 Euros.
ll) Idem. id. de Outros establecementos non tarifados expresamente (de ata 60 m ²)	22,05 Euros.
m) Idem. id. de Outros establecementos non tarifados expresamente (máis de 60 m ²)	27,53 Euros.

2. A cota tributaria pola recollida de produtos metálicos e de madeira e outros materiais dentro da recollida selectiva nos domicilios particulares de 3,47 euros por recollida.

3. As anteriores cantidades son irredutibles polo período para o que están establecidas.

4. Se establece unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, a recuperar polo aboadado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custos serrados na reclamación da débeda".

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribadeo, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0134

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 24/11/2020 de modificación da ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desaugüen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servicio de evacuación e tratamiento.

2. A tarifa correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:

a) na cantidad fixa de 19,00 euros.

b) e, ademáis, por cada vivenda ou local de que disponha o edificio aboará outros 19,00 euros.

3. A tarifa pola prestación do servicio de evacuación e tratamiento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola taxa por prestación do servicio de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.

4. Os efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

5. Cota tributaria do vertido ou filtración do terreo ou manantiais:

Unha vez concedida a licencia ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:

A tarifa por vertido de filtracións do terreo establecése en base aos m² da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota tributaria seguinte:

a) edificacións con soto ata 900 m²: 23,72 euros/bimestre

b) edificacións con soto entre 900 e 2.000 m²: 47,46 euros/bimestre

c) edificacións con soto de máis de 2.000 m²: 71,19 euros/bimestre

6. Establécese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboadado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custos serrados na reclamación da débeda".

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Ribadeo, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0135

O SAVIÑAO

Anuncio

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE UN (1) LIMPADOR/A PARA O COLEXIO , CENTRO DE SAÚDE E CENTRO SOCIO-CULTURAL DE CURRELOS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRO. Normas Xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso- oposición de un posto de traballo na categoría de limpador /a, en réxime laboral para o Colexio , Centro de Saúde e Centro Socio- cultural de Currelos.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de seis meses a xornada completa, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

TERCEIRO. Condicóns de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumplidos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das función propias do posto de traballo ao que se opta.
- e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- f) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula séptima
- h) A procedencia de todos os candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.
- i) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **oito días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Solicitud de participación do Anexo I das bases.
- Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- Fotocopia compulsada do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.
- Certificado de demandante de emprego expedido pola correspondente Oficina de Emprego.
- Vida laboral actualizada.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de tres días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **dous días hábiles** para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algúnhora, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

SEXTO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario [*o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue*].
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvimento dos Procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

– FASE DE CONCURSO:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables:

a) Experiencia:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de limpador/a. Ata un máximo de 2 puntos

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de limpador/a mediante relación laboral o funcional: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral : 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos . Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria .

b) Formación:

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

C) Entrevista curricular: 2 puntos.**FASE DE OPOSICIÓN****Ata un máximo de 10 puntos.**

Exercicio escrito: Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 20 preguntas nun tempo máximo de media hora proposto polo tribunal sobre cuestións relacionadas co obxecto do posto e co programa recollido no *anexo I*. Será preciso acadar 5 puntos para superar esta proba.

Proba de galego:será obligatorio a superación dun segundo exercizo oral, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Si se producise algúna vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, dos documentos seguintes :

- DNI
- Declaración xurada de non atoparse incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Certificado de titularidade da conta bancaria
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social .

NOVENO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

ANEXO I

Tema 1. Concello de O Saviñao. Termo municipal. Poboación. A organización municipal. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2. Sistemas de limpeza.

Tema 3. Produtos de limpeza.

ANEXO II**CONCELLO DO SAVIÑAO****I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:**

- DENOMINACIÓN:
- RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS.**Nome e apelidos:****Dni:****Teléfono:****Domicilio a efectos de notificacións:****Municipio:** _____ **Provincia:** _____ **Código postal:** _____**III.- MANIFESTO: que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de limpadour/a.****IV.- DECLARO: que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.****V.- SOLICITO:**

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

O Saviñao,.... de..... de 2021.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

O Saviñao, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0136

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Xaneiro de 2021.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 19 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 0141

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento DSP 495/20 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de D. MARIA DEL ROSARIO FERNANDEZ BOLAÑO contra a empresa DAMIAN PEREZ BODEGA DE PEDRO SL, sobre despido , ditouse providencia en data 15/12/20 e sentenza en data 16/12/20, cuxa contido se adxunta:

“Como dilixencia final e con suspensión do prazo para ditar sentenza (art. 88 LRXS), **acordo que se expida informe de vida laboral da parte actora**.-Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.**-MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción cometida en la resolución a juicio del recurrente, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida. Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este XDO. DO SOCIAL N. 3 abierta en BANCO SANTANDER, cuenta nº 2324, debiendo indicar en el campo concepto “Recurso” seguida del código “30 Social-Reposición”. Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el “código 30 Social- Reposición”. Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades Locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.-Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.”

E en data 16/12/20 ditouse sentenza cuxa parte dispositiva se adxunta:

“ **DECISIÓN.-1.** A collo a demanda de extinción e reclamación de cantidade formulada por María Rosario Fernández Bolaño contra DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, SL de tal xeito que: .-a)Fica extinguida a relación laboral.-b)Condeno a DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, SL a aboar a María Rosario Fernández Bolaño a cantidade de 20729,64 euros en concepto de indemnización.-c)Condeno a DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, SL a aboar a María Rosario Fernández Bolaño a cantidade de 16294,18 euros brutos, sobre a que se reportarán os xuros do 10 por cento.-

2. As custas do procedemento (que incluirán os honorarios do/a letrado/a/graduado/a social da parte actora ata o límite máximo de 600 euros) serán aboadas por DAMIÁN PÉREZ BODEGA DE PEDRO, SL.-Esta resolución notifícase ás partes facéndolle saber que a mesma non é firme, e que contra a mesma cabe interpor un **recurso**

de suplicación, perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. -O devandito recurso deberá anunciararse ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou un escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da sentenza, realizando o depósito legal mediante o ingreso da cantidade na conta de consignacións do Xulgado, indicando o número de procedemento.-De non se anunciar recurso, debe procederse ó arquivo das actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-Así o acordo, decidido e asino.

DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada-xuíza do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo."

E para que sirva de notificación en legal forma á **empresa DAMIAN PEREZ BODEGA DE PEDRO SL**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de LUGO.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacóns faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

LUGO, 15 de xaneiro de 2021.- A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

R. 0138

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/22641

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Susana González Sanjurjo

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,036 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 79 del polígono 153, Armesto

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción por tubería a depósito desde el que partirá otra conducción hasta la explotación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Becerreá** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0102